Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Pablo García Villar en representación de Dna. María Ascensión Tiago Gorjón, para instalación de dous rótulos na Pza. Independencia nº 15 Bx. (Ref. Cat. 9461006NH1196S0001PJ).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D.

1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2022/000517)

PRP2022/2351

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. Ana Rosa Doval Barros, para acometida á rede municipal de auga para o servizo doméstico na Estrada a Castrogudín nº 26 (Ref. Cat. 1961807NH2116S0001XB), baixo as seguintes condicións:

- Cumprirase estritamente as condicións establecidas na autorización da Deputación de Pontevedra (Expte 2022036197).
- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia. A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Exp. URB/2022/000379)

LICENZAS DE SEGREGACIÓNS

PRP2022/2355

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Juan Bautista Fos Torró, para segregación dunha parcela sita en Rúa Ansuín, s/n, Cornazo, con Referencia catastral: 9552233NH1195S0001RM, segundo “ *Proxecto de segregación de parcela*”, redactado polo arquitecto don Gonzalo Freijeiro Fernández, asinado o 2.11.2021, segundo o cal:

“ Parcela inicial:	1.693,82 m2.
Parcelas resultantes:	
-Parcela A.-	492,94 m2.
-Parcela B.-	494,26 m2.
-Parcela C.-	706,62 m2.”

A parcela obxecto de segregación clasifícase polo vixente **PXOM de Vilagarcía de Arousa** como **Solo de Nucleo Rural Periférico Grado 2 (NP2)** ao que lle resulta de aplicación a **Ordenanza 11**.

As condicións de parcelación previstas na **Ordenanza 11 do PXOM** para o Grao 2 son:

- Parcela mínima: 400 m2.
- Fronte mínimo de parcela: 10 m., cumprindo todas as parcelas resultantes con ditas condicións. (Expte. URB2021/000949)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2022/2358

Informar favorablemente a solicitude de D. Modesto Figueiredo Paz en representación de Dna. Rosalía Pérez Grande, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar acaroada, no lugar de Rúa Preguntoiro nº 23, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Modesto Figueiredo Paz, asinado electrónicamente o 13/01/2022, Anexo de Oras Ordinarias de Urbanización, asinado electrónicamente o 07/03/2022 e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública de data 30/06/2022. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar acaroada
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,90; 70%
4. Orzamento de execución material: 195.000,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 7451061NH1175S0001YG
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Modesto Figueiredo Paz

Director das obras D. Modesto Figueiredo Paz.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- **Non se poderá iniciar a execución das obras mentres non se achege e se autorice polo Concello o preceptivo proxecto de execución visado polo COAG, que deberá acompañarse da seguinte documentación (Estudo de seguridade e saúde, e Oficios de dirección de execución material e coordinador de seguridade e saúde).**
- Rematadas as obras, e con carácter previo a su ocupación, deberá solicitarse licenza de primeira ocupación de acordo co Art. 142.1.g) LSG e no Art. 42 da LVG, aportando a

documentación esixida no Art. 356. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, suscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegárase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración).

- Deberá achegarse tamén certificación do Rexistro da Propiedade Vilagarcía de Arousa da inscrición dos terreos cedidos a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa.(Exp. URB/2021/000581)

PRP2022/2359

Informar favorablemente a solicitude de D. Eduardo Cruz Aguiar en representación de Dña. María Lede Castro, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar acaroada, no lugar de Rúa Rúa San Andres nº 15, de conformidade co proxecto básico e de execución do Arquitecto D. Eduardo Cruz Aguiar (visado coa data 03/06/2021) e documentación complementaria achegada (visada coa data de 14/01/2022) . En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano. Ordenanza de aplicación OIPA
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: B+1. Altura sobre rasante 6,50
4. Orzamento de execución material: 149.468,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8781012NH1188S001QQ
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Eduardo Cruz Aguiar

Arquitecto Técnico Dña. Mónica María Balado Santiago
Director das obras D. Eduardo Cruz Aguiar
Coordinador de Seguridade e Saúde Dña. Mónica María

Balado Santiago

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais

normativa ao respecto.

- Rematadas as obras, e con carácter previo a su ocupación, deberá solicitarse licenza de primeira ocupación de acordo co Art. 142.1.g) LSG e no Art. 42 da LVG, aportando a documentación esixida no Art. 356. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Expte. URB/2021/000660)

PRP2022/2360

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Anuncio Mouriño Rañó en representación de CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, para obras de acondicionamento de local para comedor social e outros servizos sociais en Avenida de Rosalía de Castro, nº 28, (Ref. Catastral: 9469008NH1196N0004WS), segundo " *Proxecto básico de acondicionamento de local para comedor social*", redactado polo mesmo arquitecto , asinado electrónicamente o 27.10.2021, así como " *Anexo: Aclaracións requirimento municipal*", asinado electrónicamente o 21.12.2021 polo arquitecto don Gonzalo Freijero Fernández con suxeición ao Informe técnico sobre o cumprimento dos requisitos específicos esixidos pola normativa sectorial de servizos sociais da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, asinado con data 16.05.2022.

- De conformidade co disposto no **Art. 145 da LSG** o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (**Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG**).
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o **Art.350.3 do RLSG**.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- **NON SE PODERÁ INICIAR A EXECUCIÓN DAS OBRAS MENTRES NON SE ACHEGUE E AUTORICE POLO CONCELLO O PRECEPTIVO PROXECTO DE EXECUCIÓN VISADO POLO COAG. DEBERÁ ACHEGARSE TAMÉN ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE.**
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no **Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción** e demais normativa ao respecto.
- **Rematadas as obras de acondicionamento deberá achegarse xunta coa comunicación previa de inicio de actividade a documentación esixida polo Art. 11.2**

do Decreto 144/2016 << Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente, así como cando proceda o certificado acústico>>

- **Deberá achegarse tamén informe favorable da Inspección da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia. (Exp. URB/2021/000965**

PRP2022/2361

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco Javier Álvarez Portas en representación de COM. PROP. REY DAVIÑA 10, para modificación da licenza municipal outorgada por Resolución de Alcaldía do 11.03.2022, para execución de obras de instalación de ascensor en edificio sito en rúa Alcalde Rey Daviña, nº 10, con Referencia Catastral: 9463026NH1196S, de acordo coas determinacións contidas no “Proxecto modificado de instalación de ascensor en edificio de vivendas”, redactado polo arquitecto don Carlos Berride Abalo, visado polo COAG con data 06.05.2022.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras deberá comunicarse a súa finalización ao ente municipal mediante certificado final de obra asinado polo director facultativo.
- Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos oportunos. (Expte. URB/2021/001089)

PRP2022/2362

Informar favorablemente a solicitude presentada con data 20/06/2022 por D. Santiago Soto Bendaña e D. Santiago Soto Cardalda desistindo ao trámite da licenza solicitada con data 20/01/2022 para cambio de uso e ampliación de galpón para vivenda unifamiliar na Rúa Soutelo - Rubiáns (Ref. Cat. 1741104NH2114S0001TO), e proceder ao arquivo do expediente URB/2021/000031.

PRP2022/2363

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Vicente Grimalt Monfort en representación de CLAVE DENIA SA, para acondicionamento de local para comercio polo miúdo de artigos de agasallo en Praza de Galicia, nº 7, Baixo, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), Referencia Catastral: 9361601NH1196S0005QZ, segundo "Proxecto para reforma interior de local dedicado a comercio polo miúdo de artigos de agasallo", redactado polo enxeñeiro técnico industrial don Gustavo Calle Llorente, con visado colexial do 14.06.2022.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaránse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- <<Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente, así como cando proceda o certificado acústico>>(Art. 11.2 Decreto 144/2016). (Exp. URB/2022/000343)

PRP2022/2374

Denegar a solicitude de ampliación de prazo para aportación da documentación requirida para legalización de muro de contención e piscina formulada por Dna. Celeste Carreira Pérez en representación de D. Raúl Miranda Tubío, mediante escrito con R.E. Nº 2022008274 do 23/06/2022, por canto xa se confirmou unha ampliación do prazo máximo habilitado polo art. 32.1 da LPAC, isto é pola metade do prazo máximo establecido, neste caso 5 días hábiles. (Expte. URB2016/000531).

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2022/2364

Declarar a ineficacia da comunicación de apertura de establecemento presentada por Dna. Mercedes Inmaculada Fontenla Alonso, para o exercicio da actividade de comercio polo miúdo de pan e derivados a emprazar na Rúa Conde vellellano nº 2 Bx. B, en base ao seguinte:

- Non consta legalización das obras de fachada
- Hai constancia do peche da actividade
- Consta solicitude de licenza de acondicionamento de local con ampliación de superficie e de actividade

Deberá **iniciar un novo trámite de apertura** cando se retome a actividade e inicie a nova. (Espte.

ACTI/2020/000061)

PRP2022/2365

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza municipal de apertura transmitida por resolución de Alcaldía do 03/04/2013, en favor de Dna. Ana Teresa Día Martínez, para o exercicio da actividade de 2.73 cafetería (epígrafe 673.2, cafetería dunha cunca), a emprazar na Rúa Castelao, nº 17 baixo (Ref. Cat. 9360013NH1196S0048GY), quedando subrogado D. BORJA DOVAL ESCALONI, na posición da anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Aceptar a Declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.2 Cafetería do Decreto 124/2019, asinada dixitalmente o 14/06/2022 (Rex. WEB2022003967 do 14/06/2022)

Comunicar ao interesado que deberá solicitar a transmisión da autorización conferida por Resolución de Alcaldía de .01/03/2017, para instalación de terraza vinculada a local de hostelería ocupando o dominio público. (Expte. ACTI/2022/000040)

PRP2022/2366

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza municipal de apertura outorgada por Decreto de Alcaldía do 03/03/2014, para o exercicio da actividade de 2.7.2 cafe-bar (epígrafe 673.2, outros cafés e bares), a emprazar na Rúa Méndez Núñez esq. Rúa Castor Sánchez (Ref. Cat. 9364503NH1196S0003TL), e transmitida á entidade mercantil Holydais SC por comunicación aceptada por Resolución de Alcaldía do 11/12/2015, quedando subrogado D. DERIAM SCOTT SUSSONI SÁNCHEZ, na posición da anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Aceptar a Declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.3 Bares do Decreto 124/2019, asinada dixitalmente o 10/06/2022 (Rex. WEB2022003902 do 10/06/2022)

Comunicar ao interesado que deberá solicitar a transmisión da autorización conferida por Resolución de Alcaldía de .01/03/2017, para instalación de terraza vinculada a local de hostelería ocupando o dominio público. (Expte. ACTI/2022/000046)

ASUNTOS VARIOS

PRP2022/2376

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Laura Sánchez Barros, para instalación de terraza de 20 m² con 6 mesas e 4 cadeiras cada unha, cun aforo total de 24 persoas, vinculada ao establecemento denominado "AS TAPAS DE LAURA", sito na Rúa Arcebispo Xelmirez nº 36 e baixo as seguintes condicións:

- Consonte o artigo 24 da Ordenanza de Terrazas, finalizado o horario de funcionamento da terraza, deberán retirarse todos os seus elementos da vía pública e depositarse en local privado.
- Ao aforo establecido no parágrafo anterior aplicaráselle as limitacións que en cada momento se establezan en función dos niveis de risco sanitario.
- Tódolos elementos que se instalen, incluso os que non se contemplan na solicitude como anuncios de menús, elementos decorativos, etc... deberán respectar os límites de superficie autorizados.
- Tódolos elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen practicar furos nin ancoraxes no pavimento da vía pública.
- O solicitante será responsable de que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa

- cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- Tamén será responsabilidade do interesado o cumprimento dos horarios establecidos así como que os clientes non dificulten a libre circulación de peóns. A estes efectos deberase respectar o itinerario peonil de 1,80 m ao longo a beirarrúa.
 - Os elementos de mobiliario urbano (bancos, árbores, fontes...etc), se os houber, deberán permanecer libres e dispoñibles para uso público.
 - A ocupación e aforo que se informa deberase considerar máximo e aplicar sobre tales parámetros as restricións que en cada momento sexan de aplicación por motivo da emerxencia sanitaria.
 - A validez da autorización é anual abrangendo dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021. Finalizado o prazo da mesma, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
 - A veracidade dos datos aportados é responsabilidade do solicitante. A autorización quedará sin efecto en caso de comprobarse algunha incorrección ou falsidade nos documentos da solicitude.
 - Deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación.
 - Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19.10.2016).
 - Quedan expresamente prohibidas as actuacións musicais en directo e a instalación de equipos audiovisuais visibles ou audibles dende os espazos de terrazas.
 - Darase traslado do acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expte. T-2022/000001)

PRP2022/2378

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Juan Mariño González en representación de INMOBILIARIA LA GUARDIA SA, para aprobación inicial da modificación do "Estudo de Detalle para ordenación de volúmenes y fijación de alineaciones de nave almacén y urbanización en el ámbito del ETD-6"segundo as determinación da "Redelimitación del Estudio de Detalle para ordenación de volúmenes y fijación de alineaciones de nave almacén y urbanización en el ámbito del ETD-6 en Vilagarcía de Arousa", redactado polo enxeñeiro de caminos, canales e portos don Ángel Colsa Lloreda, asinado en decembro de 2021.

O Expediente deberá someterse a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia de Pontevedra.

Solicitarase a emisión de informe a Augas de Galicia e ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.

Notificarase individualmente a Resolución a todos os titulares catastrais afectados polo ET-6 así como ao propietario da parcela catastral 0656825NH2105N0001HF (Exp. P/2021/000011)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.